



**RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE CELEIRO-LUGO POLA QUE SE PUBLICA A A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE ESPASANTE, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

**Antecedentes**

1. De conformidade coa Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 e cos expedientes de aprobación do plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos en zonas de libre marisqueo e do plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos en autorizacións da Confraría de Espasante (PE403A 2023/13-2 e PE403A 2023/12-2, respectivamente), o número máximo de permisos de explotación para marisqueo a pé que poden participar nos plans é de catorce (14).
2. O 14 de xaneiro de 2026 a Confraría de Pescadores de Espasante solicitou a cobertura de catro (4) prazas vacantes para participar nos plans de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos desa entidade.
3. De acordo co anterior, pola Resolución do 21 de xaneiro de 2026, este departamento territorial convocou un proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación a pé na modalidade de Marisqueo xeral para exercer a actividade extractiva no ámbito da Confraría de Espasante. Neste proceso convocáronse as ditas catro (4) prazas.
4. Mediante a Resolución do Departamento territorial da Consellería do Mar de Celeiro – Lugo, do 2 de marzo de 2026 publicouse a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo. Nesta resolución outorgouse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación, para que as persoas interesadas presentasen as alegacións que considerasen oportunas. Transcorrido o dito prazo non consta neste departamento territorial que se presentasen alegacións.

**Consideracións legais e técnicas**

1. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo e o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.
2. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes o procedemento para a obtención do permiso de explotación.





3. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido na Resolución do 12 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé.

Por todo o exposto anteriormente, este departamento territorial,

#### RESOLVE

1. Facer pública a listaxe definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, así como as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes seleccionadas para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo a pé na modalidade de Marisqueo xeral para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de Espasante (ANEXO I).

2. Dado que se convocaron catro (4) prazas e só se presentaron catro (4) solicitudes, todas elas admitidas e seleccionadas, non se constitúe ningunha lista de reserva.

3. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do anexo A da convocatoria:

a) Certificado de estar empadroadada/o nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria, no caso de ter dado o consentimento para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora/or de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. Non será necesario no caso de ter dado o consentimento para comprobación destes datos. No caso de percibir a renda de integración social deberá achegar un escrito de renuncia a esta prestación.

c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada//o para exercer os labores do marisqueo.

d) Unha fotografía de tamaño carné actual, co seu nome escrito por detrás.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva, de ser o caso, pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

4. De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, as persoas seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación:





a) **Estar en posesión do certificado de mariscador/a**

b) **Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento”.**

5. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Celeiro – Lugo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Confraría de pescadores de Espasante.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O director territorial  
Alexandre Piñeiro Rodríguez

(asinado dixitalmente)



**ANEXO I**  
**RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ ORDEADAS POR PUNTUACIÓN.- QUENDA XERAL**

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	1	2	2.a	2.b	3	TOTAL
LAGO	GONZÁLEZ	ENRIQUE	** *8828* *	1,75	0,00	0,00	0,00	4,00	5,75
LÓPEZ	ÁLVAREZ	MOISES	** *4311* *	0,00	0,50	0,00	0,50	4,00	4,50
GARCÍA	VARELA	FERNANDO	** *1024* *	0,00	0,30	0,00	0,30	0,00	0,30
VALIÑA	ESPASANDIN	JAVIER	** *0585* *	0,25	0,00	0,00	0,00	0,00	0,25

*Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.*

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego

Apartado 2: por formación

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 3: por estar empadroad/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión

